


Contos de Reis e de Nadal



Título:
Autor:
Ilustrador:
Editorial:
Colección:
Nº páxinas:
ISBN:
Idade:

Contos de Reis e de Nadal
Miguel Vázquez Freire
Xosé Tomás
Xerais
Merlín
120
978-84-9782-632-7
De 7 anos en diante

XERAIS



o autor

Miguel Vázquez Freire (Corcubión, 1951)

Tras estudar Filosofía e Letras na USC e na Universidade Complutense de Madrid licenciouse en Filosofía.

Entre 1971 e 1979 traballou en Madrid como profesor de imaxe.

Actualmente exerce como profesor de Filosofía en Secundaria.

Dirixiu coleccións de literatura infantil como Escocuentos ou Merlín.

Exerceu diferentes cargos na Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GALIX).

Colabora como crítico e comentarista de literatura infantil en numerosas publicacións: *Revista Galega de Educación*, *Cuadernos de Pedagogía*, *CLIJ* ou *El Urogallo* e nas páxinas culturais e educativas de *La Voz de Galicia* e *Faro de Vigo*.

Coautor de materiais educativos de Filosofía, promotor de Pé de Imaxe e da asociación de renovación pedagóxica Nova Escola Galega.

Foi Premio Camiño de Santiago 1993 de Teatro de monicreques pola obra *A princesita Socorro, o trobeiro Carolo e o demo dos cornos* (escrita en colaboración con Gloria Sánchez).

Dirixiu a revista de banda deseñada para nenos e nenas *Golfiño*.

Entre os seus libros para nenos e mozos podemos citar *Proxecto pomba dourada*, *As aventuras do gato Bógar*, *A malvada María Xosé*, *A primeira máquina de fotos*, *A cor do elefante*, *Anxos en tempos de chuvia* (Lista de Honra do IBBY), *O neno que tiña medo dos robots/O robot que tiña medo dos nenos...*

Produto da súa incursión na literatura para adultos é *Galería de esquecidos de Feliciano Lobelos*.

o ilustrador

Xosé Tomás

Traballa como profesor de ensino secundario.

Colaborou no suplemento Xatentendo.com (*La Voz de Galicia*).

Realiza ilustracións e cómics para a revista *Plis-Plas* da Radio Galega. Traballa no campo da banda deseñada, humor gráfico en prensa, materiais multimedia, deseño de personaxes e cartelismo.

Participou na revista de banda deseñada para nenos e nenas *Golfiño*, realizando pasatempos e a serie «Luzbell».

Ilustrou e participou en máis de 30 libros, entre eles, *O neno que tiña medo dos robots / O robot que tiña medo dos nenos*, *O Pirata Metepata*, *Sabeliña e os ratos*, *María é Maior*, *O afundimento do Tiranico*, *O Soñador*, *Misterio en Guernica*, *Orballo da Mañá*, *O monstro dos Ancares*, *O lume dos soños*, *Un marciano neste mundo* e *Teatro para contistas*.


o libro

Nesta obra contamos con catro contos de Reis («A mañá do monstro», «A noite de Reis da princesa», «Marquiños quería un balón» e «Xandro e Tomé») e tres de Nadal («A viaxe de Fátima», «O home que reconstruía a súa casa» e «O señor Scrooge tiña razón»).

Nos contos de Reis o autor fai un repaso por eses nenos que ás veces semellan monstros no seu trato cos xoguetes, nenas que non dormen para agardar polos Reis e nenos que aínda que os Reis lles traen o que lles piden, non están contentos ata que comparten eses xoguetes con outros nenos que teñen menos.

Nos contos de Nadal hai mulleres que foxen da guerra e da fame e ansían que o seu fillo naza en Europa; homes que reconstrúen unha e outra vez a súa casa cada vez que unha bomba a destrúe e xentes que opinan sobre os costumes do Nadal. A obra recolle un xénero algo esquecido, pero que semella recobrar actualidade. Un libro para un tempo e para a reflexión en torno ao que se move nestes días.


temas e valores




O Nadal




Desexos
incumpridos



Os Reis



A tradición
dos contos
de Reis e de Nadal
Referencias literarias.




Nenos ricos
e nenos pobres
Nenos felices e outros
que non o son tanto.




Inmigración ilegal
Emigración forzosa.
A guerra e a fame.




A historia
contada por outro
punto de vista
O mundo visto polos
ollos dun boneco.



Educación
para a paz
A guerra que destrúe nun
momento o que levou
moito tempo construír.
Os exércitos avanzando
e retrocedendo nun xogo
que pode ser infinito.



Unha nena caprichosa
ou todas as nenas son
princesas das súas casas
de pedra ou ladrillo e de
chan de madeira ou terrazo.



Educación para o
consumo

actividades

* As actividades que se propoñen, a continuación, están pensadas para que o profesorado elixa aquelas que poidan resultar máis adecuadas para o seu alumnado ou para a dinámica do grupo.

Antes da lectura

- Co libro na man, detémonos na portada e nas súas ilustracións. Pararémonos tamén no título e imaxinaremos as historias que se agochan detrás.
- Pensamos en como serán os contos de Nadal e de Reis, que historias poden contar, de que poden tratar, cal será a diferenza entre os contos de Reis e os de Nadal, etc.
- Expoñemos oralmente ou por escrito o que nos suxire a ilustración da portada. Abrimos o libro e observamos as ilustracións. Imaxinamos historias nas que teñan un papel esas imaxes.
- Lemos o texto da contraportada para achegármonos un pouco máis a esas historias que estamos a punto de ler. Elaboramos hipóteses con todos os datos dos que xa dispomos.
- Falamos do autor; quizais o coñecemos por outros libros. Ampliamos a información lendo as dúas lapelas. Podemos documentarnos máis tamén na biblioteca, buscando as súas obras, ou en libros de referencia. Realizamos unha busca en Internet.
- Unha vez localizados os libros deste autor na biblioteca, realizamos unha exposición con eles. Se nos falta algún intentamos conseguilo na biblioteca pública ou nas bibliotecas persoais dalgún dos compañeiros que o poida prestar.
- Unha vez observadas as ilustracións, comentamos se coñecemos a este ilustrador, en que libros atopamos as súas obras, a opinión que nos merecen antes de comezar a lectura... Buscamos as súas obras na biblioteca para poder expoñelas ou conseguímolas tal e como fixemos coas do autor. Buscamos máis información sobre el.
- Outra posibilidade é comentar a colección: cal é o seu nome, que outros libros coñecemos desta colección, se nos gusta e por que... Se temos tempo, xa que pode ser interesante, tentamos que cada lector presente algún libro que teña lido desta colección, deste autor ou deste ilustrador.
- Realizamos, en voz alta ou por escrito, a ficha bibliográfica; pode reflectir o título, o autor, a ilustrador, a colección, a editorial, se xa se realizaron outras edicións desta mesma obra...
- Pensamos noutros contos de Nadal e de Reis lidos.
- Escribimos algún conto que poidamos incluír dentro deste xénero.

actividades

- Pensamos noutros posibles títulos para enmarcar obras relacionadas con determinados períodos de tempo ou conmemoracións: contos de entroido, contos de outono...

Ao longo da lectura

- O libro non leva dedicatoria, polo que temos toda a liberdade para pensar a quen llo dedicaríamos se fóssemos nós os autores.
- Despois de ler o título de cada un dos contos podemos anticipar o contido, imaxinar que historia se agocha detrás de cada un deles, podemos escribir o conto que nos suxire, etc.
- Cando chegamos ao final de cada historia, podemos resumir, á nosa maneira, o seu contido. Podemos tamén escribir títulos diferentes que nos resulten máis axeitados e poidamos defender con argumentos.
- Detémonos en cada un dos contos e imos comentando algún aspecto.

—«A mañá do monstro»

- Quen nos conta a historia?
- A que mañá se está a referir?
- Quen é o monstro?
- Cres que ten algo de realidade este conto?
- Hai monstros así?
- A que cres que é debido o comportamento de monstros que poden ter algúns?
- Consideras que hai que coidar dos xoguetes ou utilízalos de calquera maneira pois xa son teus? Argumenta a resposta.
- Conta como se desenvolve, na túa casa, o primeiro día cun xoguete novo.
- Enumera os xoguetes que che trouxeron os Reis e cales son os teus preferidos.
- Explica a relación entre as ilustracións e a historia que se conta.
- Abride un debate que xire ao redor da idoneidade de determinados xoguetes nas diferentes etapas infantís. Pódese debater tamén acerca da belicidade e da violencia dos xogos; os xoguetes extremadamente caros; da publicidade... Falar acerca dos xoguetes axeitados e inaxeitados para a idade que temos neste momento; dos xoguetes feitos polos propios rapaces (dos que nos poderían contar moito os avós), etc.

actividades

- Escribide esta historia, agora contada polo outro personaxe.
- Pensade nos monstros que coñecemos e describídeos axudándoos de debuxos e textos.
- Continuamos a historia baixo o título «A tarde do monstro».
- Compara este relato con *Derradeira carta aos Reis Magos* de Fina Casalderey.

—«A noite de Reis da Princesa»

- Pensemos se o primeiro parágrafo deste conto nos trae lembranzas doutro.
- O título da princesa é realmente interesante: «A Princesa da Miña Casa de Paredes de Pedra e Chan de Madeira». Pensemos noutros títulos igual de orixinais que poidamos adoptar para esta realeza á que pertencemos todos.
- Contestemos:
 - Princesa ou nena malcriada, como di Melchor?
 - Cres que a nena debía obedecerlles por ser Reis ou por tratarse de persoas maiores? Razoade a resposta.
 - Cal foi o mellor agasallo que recibiu este ano a nena?
 - Que opinas desta nena? Gustaríache tela como amiga?
 - Podemos dicir que todas as nenas son princesas e os nenos príncipes para os seus pais, polo que o título de «Princesa da Miña/Súa Casa» acáelles moi ben? Habará alguén que non sexa princesa/príncipe?
- Expliquemos que poden significar as seguintes afirmacións: «Todas as nenas somos princesas»; «Todos os nenos somos príncipes»; «Todas as mulleres somos raíñas»; «Todos os homes somos reis».
- Na conversa entre os Reis e a Princesa hai un xogo coas persoas gramaticais: «A Princesa da Miña Casa...» / «A Princesa da Túa Casa...», «...Coma nós... / ...coma vós», «... coma min... / ...coma ti...» Revisémolo.
- Hai un momento no que se produce un fenómeno que recoñecemos como «o conto dentro do conto» (cando o rei lle conta o conto do que está a suceder neste conto). Busquémoslo e comentémolo. Pensemos se podemos crear unha historia na que suceda o mesmo.
- Escribe un conto que comece así: «Son unha princesa de cara de framboesa...» ou así: «Son un príncipe que como chicle...».

—«Marquiños quería un balón»

- Contesta:
 - Por que cres que a primeira ilustración é circular?
 - Que lle traían os Reis a Marcos?
 - Por que non lle traían o balón?

actividades

En que se asemellan un balón e unha esfera terrestre?

Que cousas coñeces que sexan redondas?

Por que pode ser perigoso darlles patadas a determinados países?

Que representa a ilustración da páxina 50?

Pedíchelles algo aos Reis que nunca che trouxeran?

-Hai unha película de Charlot na que el fai de Hitler e xoga cunha bóla do mundo. Intentade vela e opinade sobre o que isto pode significar.

—«Xandro e Tomé»

-Esta historia relata a relación entre un neno rico e un neno pobre que se atopan na parada do autobús. Pensemos nas diferenzas e semellanzas que hai entre eles. Comparémoslos.

-Contesta:

Que é o que che gusta das vacacións?

Que compartirán Xandro e Tomé?

Que lles traen os Reis a cada un deles?

Para que son importantes os amigos?

-Colócalles os nomes aos personaxes que aparecen nas páxinas 62 e 63.

-Debuxa a casa de Tomé.

- Resume os contos de Reis e cóntaos.
- Escribe un novo conto de Reis que poidas engadir a esta colección.
- Continúa un dos contos.
- Poñamos en marcha a imaxinación e xoguemos a inventar «que pasaría se...». Que pasaría se un día se presentasen os Reis nunha rolda de prensa para falar da súa experiencia? Que pasaría se unha mañá de Reis non aparecera ningún regalo? Que pasaría se fosen secuestrados os Reis Magos?...
- Podémoslle pedir aos Reis cousas inmateriais. Probemos a facelo.

—«A viaxe de Fátima»

-Completa:

Fátima vén desde _____, onde deixa _____

-Como se chamará ese neniño que acaba de nacer?

-En que se parece esta historia á do neno Xesús? Por que a nena que o ve o reconece e se sorprende?

-Que será dese bebé? Continúa a historia.

actividades

-A nai arríscase a todo porque nada ten que perder. Pensemos en todo o que nós temos.

-Falemos das pateiras e da inmigración ilegal. Realicemos un debate.

—«O home que reconstruía a súa casa»

-Esta é unha grande historia para traballar a educación para a paz. Podemos ir tomando datos que nos axuden a reflexionar: un exército amarelo e outro verde pelexando sen tregua, mentres Manuel (xa maior e só) observa como veñen e van, como avanza e retroceden sen que ese feito signifique nada máis que a destrución da súa casa; o embargo dos seus bens (vaca, galiñas...); o pouco tempo necesario para que calquera exército destrúa e o moito necesario para construír unha casa; as promesas que fan os exércitos e que nunca se cumpren (lémbrennos algunhas outras?); o longas que poden ser as guerras (como rematalas?; en que momento se fai?). Vaiámonos preguntando: que ten máis sentido: reconstruír a casa ou facer a guerra?; gañar a guerra é garantía de ter a razón?; gústache a imaxe do vello que se mostra na ilustración?; en que se nota que cambiou ao longo deses anos de guerra?

-Pensemos noutros contos de guerra e noutros contos de paz.

—«O Sr. Scrooge tiña razón»

-Revisemos a cita do conto de Dickens e a conversa do tío e do sobriño. Opinemos respecto ao que aparece en ambos os casos.

-«O Sr. Scrooge está aquí» e entrégalle o libro de Dickens. Esta mesma acción poderíamola facer con outros personaxes de ficción que nos resulten interesantes. Será unha boa maneira de presentalos e fomentar a lectura deses libros. Podemos realizar tamén un xogo na biblioteca, entre todos, de maneira que a modo de adiviñas nos preguntemos: «onde está...?». A resposta viría dada tras a busca do libro no andel que lle corresponde. Poderemos ampliálo tanto como queiramos; iso si, debemos facelo sempre con personaxes moi coñecidos.

-«Ler por conta allea» chámase a cando alguén te axuda a ler en voz alta un libro que a ti che resulta difícil.

-Falemos dos tíos, como son os de cada un de nós, que os caracteriza, cal é o preferido, quen regala e quen non...

-Na páxina 109 o tío Feliciano argumenta o seu desagrado polo Nadal. Escribe as túas razóns (a favor ou en contra).

-No Nadal unha das manifestacións máis comúns, e das que se fala no conto, son as panxoliñas. Aquí cítase a que fala sobre os peixes no río; lembras algunhas outras?

actividades

-Explica o significado desa tarxeta que cada ano lle envía o tío Feliciano. Quen son as pantasma de Nadal?


- Realizamos un marcador de lectura que lle acaia a este libro.

Despois da lectura

- Repasemos:
 - Quen narra a historia en cada un dos contos?
 - Cal é o conto que máis che gusta de cada un dos apartados: Reis / Nadal?
 - A ti gústache o Nadal? Por que?
 - Cal é a diferenza que atopas entre os contos de Nadal e os de Reis?
- Recollamos as ideas máis importantes que aparecen no libro, aquilo que nos chamou máis a atención, etc.
- Anotemos os fragmentos que máis nos gustaron para compartilos cos compañeiros e compañeiras.
- Eliximos a ilustración que máis nos gustou e argumentamos a elección. Escribimos o texto que nos suxire a imaxe escollida.
- Buscamos algún fragmento do texto que queiramos ilustrar nós. Facémolo.
- Escribe os teus propios contos de Reis e de Nadal.
- Realicemos unha tarxeta de Nadal e outra de Reis.
- Podemos pensar nunha cita que colocaríamos ao principio do libro, no caso de sermos nós os autores. Deberá ter algún tipo de relación coa obra.
- Realicemos un debate entre aqueles que defenden os Reis Magos e os que defenden a Papá Noel.
- Unha vez rematada a lectura, podemos reflexionar uns instantes para comentar os temas que se trataron.
- Realicemos unha posta en común para poder intercambiar ideas respecto dos temas que aparecen no texto.
- Opinemos sobre o libro.
- Se nos gustou, escribamos un texto recomendándoo. Posteriormente colocáremolo no taboleiro da biblioteca ou na revista.
- Leamos outros libros deste mesmo autor.
- Localicemos outros contos de Nadal ou de Reis coma os de Dickens, Manolo Rivas, etc., ou libros ambientados nesta época do ano.

actividades

- Pensemos: a quen lle regalariamos este libro e por que?; que dedicatoria lle escribiríamos?
- Agora dirixámonos ao autor: escribámoslle unha carta falándolle do que supuxo para nós a lectura deste texto. Podemos facerlle tamén preguntas acerca de como se lle ocorreu esta temática, da opinión que el ten sobre o tempo de Nadal e todo aquilo que se nos ocorra en relación cos temas tratados no libro.



Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono Pocomaco
Avenida 3 Edificio Diana
Nave 4 Baixo • 15009 • A Coruña
Telf.: 981 171 641 / Fax: 981 171 647**

XERAIS

**Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>**

EDICIÓN XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro e Maruxa Caamaño, 2008
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2008
Depósito legal: VG 501-2008